



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 72 · Martes, 29 marzo 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Convocatoria dunha edición do Curso sobre o control das subvencións das entidades locais: xestión das xustificacións e problemáticas asociadas (CF-04-2022) (expediente 2022/1976P)..... 2
- Exposición pública dos padróns fiscais do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, a taxa pola subministración de auga, canon da auga, sumidoiros, saneamento, depuración, conservación de contadores e taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos de varios anos, dos municipios que se relacionan, e prazo de cobranza en período voluntario (expediente 2022/4062R)..... 8
- Inorde**
- Bases reguladoras da venda de animais de razas autóctonas en perigo de extinción (galiña de Mos, porco celta, ovella galega e cabra galega) (expediente 3165R)..... 9

#### II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A.**
- Comisaría de Augas. Ourense**
- Exposición pública de expediente de solicitude de verteduras de augas residuais. Expediente V/32/00660..... 18
- Exposición pública do expediente de solicitude de concesión de aproveitamento de augas Expediente A/32/28060..... 19

#### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Consellería de Emprego e Igualdade**
- Xefatura Territorial de Ourense**
- Convenio colectivo do Parque de Bombeiros do Carballiño, Veicar..... 20

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

- Bande**
- Aprobación definitiva do padrón da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase (vaos) correspondente ao ano 2022 e prazo de cobranza en período voluntario..... 21
- Castrelo do Val**
- Resolución de aprobación da Oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal de longa duración deste concello..... 22
- Oímbra**
- Extracto das bases da convocatoria para o ano 2022 da liña 1 do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Oímbra: acción contra o desemprego mediante axuda ao autoemprego..... 22
- Paderne de Allariz**
- Bases reguladoras da concesión de axudas para material escolar para o curso 2021-2022 (exp. 108/2022)..... 22
- Extracto da convocatoria de subvencións por concurrencia non competitiva para material escolar para o curso 2021-2022 (exp. 108/2022)..... 25
- San Cibrao das Viñas**
- Exposición pública do padrón das taxas polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais correspondente ao mes de xaneiro de 2022 e prazo de cobranza en período voluntario..... 26
- Teixeira (A)**
- Exposición pública do padrón cobrador da taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga e canon da auga da Xunta de Galicia do 2.º semestre de 2021 e prazo de cobranza en período voluntario..... 26

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Convocatoria de una edición del Curso sobre el Control de las Subvenciones de las Entidades Locales: Gestión de las Justificaciones y Problemáticas Asociadas (CF-04-2022) (expediente 2022/1976P)..... 5
- Exposición pública de los padrones fiscales del impuesto sobre vehículos de tracción mecánica, la tasa por el suministro de agua, canon del agua, alcantarillado, saneamiento, depuración, conservación de contadores y tasa por la recogida de residuos sólidos urbanos de varios años, de los municipios que se relacionan, y plazo de cobranza en período voluntario (expediente 2022/4062R) ..... 8
- Inorde**
- Bases reguladoras de la venta de animales de razas autóctonas en peligro de extinción (galiña de Mos, porco celta, ovella galega y cabra galega) (expediente 3165R)..... 14

#### II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

- Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.**
- Comisaría de Aguas. Ourense**
- Exposición pública de expediente de solicitud de vertidos de aguas residuales. Expediente VI/32/00660..... 19
- Exposición pública del expediente de solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas Expediente A/32/28060..... 19

#### III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

- Consellería de Empleo e Igualdad**
- Jefatura Territorial de Ourense**
- Convenio Colectivo del Parque de Bomberos de O Carballiño, Veicar..... 20

#### IV. ENTIDADES LOCALES

- Bande**
- Aprobación definitiva del padrón de la tasa por la entrada de vehículos a través de las aceras y las reservas de vía pública para aparcamiento, carga y descarga de mercancías de cualquier clase (vados) correspondiente al año 2022 y plazo de cobranza en período voluntario..... 21
- Castrelo do Val**
- Resolución de aprobación de la Oferta de empleo público de estabilización de empleo temporal de larga duración de este ayuntamiento..... 22
- Oímbra**
- Extracto de las bases de la convocatoria para el año 2022 de la línea 1 del Plan estratégico de subvenciones del Ayuntamiento de Oímbra: acción contra el desempleo mediante ayuda al autoempleo..... 22
- Paderne de Allariz**
- Bases reguladoras de la concesión de ayudas para material escolar para el curso 2021-2022 (exp. 108/2022)..... 24
- Extracto de la convocatoria de subvenciones por concurrencia no competitiva para material escolar para el curso 2021-2022 (exp. 108/2022)..... 25
- San Cibrao das Viñas**
- Exposición pública del padrón de las tasas por los servicios de suministro de agua y conservación de contadores, saneamiento y depuración de aguas residuales correspondiente al mes de enero de 2022 y plazo de cobranza en período voluntario..... 26
- Teixeira (A)**
- Exposición pública del padrón cobrador de la tasa del servicio de abastecimiento domiciliario de agua de la Xunta de Galicia del 2.º semestre de 2021 y plazo de cobranza en período voluntario ..... 27



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Sección de Formación, Calidade e Avaliación

Anuncio da convocatoria dunha edición do Curso sobre o control das subvencións das entidades locais: xestión das xustificacións e problemáticas asociadas (CF-04-2022)

Publicase que, por resolución da Presidencia do 15/03/2022 e núm. 2022/2777, se acordou o seguinte:

“A Deputación Provincial de Ourense diseña anualmente o seu Programa de formación continua de carácter agrupado, destinado a realizar diversas accións formativas dirixidas ao persoal da Administración local da provincia.

No plan correspondente ao ano 2022 prevese, entre outras accións, levar a cabo unha edición do Curso sobre o control das subvencións das entidades locais: xestión das xustificacións e problemáticas asociadas. A competencia para a convocatoria da dita acción correspóndelle á Presidencia, de conformidade co artigo 34.1 da Lei de bases de réxime local e o seu exercicio atópase delegado no deputado delegado de Administración Provincial, por Resolución do 11 de xullo de 2019 (BOP do 18 de xullo de 2019).

Polo exposto, dispoño:

Primeiro. Aprobar as bases xerais da acción formativa que se relaciona a continuación, segundo a proposta formulada pola Sección de Formación da Deputación de Ourense que figura no expediente, e convocar o seguinte curso de formación continua:

Curso sobre o control das subvencións das entidades locais: xestión das xustificacións e problemáticas asociadas.

Bases xerais

Primeira. Solicitudes de participación

1. O persoal que desexe participar neste curso de formación presentará cuberta, en todas as epígrafes que lle corresponda, a solicitude segundo o modelo oficial de solicitude de inscrición publicado no anexo II.

2. Todas as solicitudes deberán contar co informe correspondente, sobre a asistencia ao curso, do/a xefe/a do servizo ou departamento ao que pertenza o/a solicitante, para os efectos, entre outros, de confirmar a súa condición de traballador/a público/a local, e ir acompañadas da documentación complementaria que se establece na convocatoria.

3. A falsidade ou ocultación de datos esenciais para seleccionar as persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado e á imposibilidade de participar en ningunha outra actividade convocada pola Deputación de Ourense durante o prazo dun ano, a partir da data da infracción.

4. As solicitudes de participación deberán remitirse á Sección de Formación da Deputación Provincial, mediante a súa presentación electrónica no Rexistro Xeral de documentos da Deputación de Ourense, dispoñible na sede electrónica da Deputación ([sede.depourense.es](http://sede.depourense.es)), ou en calquera dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Non se admitirán as solicitudes de inscrición que non teñan cubertas todas as súas epígrafes de maneira correcta e lexible, ou ben que non contén coas sinaturas e co selo requiridos.

6. A presentación dunha solicitude supón a aceptación expresa das bases xerais e das normas específicas de participación e asistencia que rexen e regulan as diferentes actividades formativas da Deputación de Ourense.

Segunda. Acceso ás actividades

1. Poderá participar nesta actividade o persoal da Administración local en activo ao que vai dirixido o curso como destinatario/a da acción formativa, e que cumpra os requisitos específicos esixidos na convocatoria.

2. Para accederen ao curso, daráselles preferencia aos/ás traballadores/as das entidades locais adheridas ao Programa de formación continua da Deputación de Ourense do ano 2022. Así mesmo, de xeito complementario, poderá acceder ao curso, nas prazas vacantes, o persoal ao servizo da Administración estatal e autonómica.

3. No acceso ás actividades formativas e en cumprimento do que dispoñen os artigos 48 da LEPE e 59 do TRLEBEP, reserváranse o 7% das prazas para persoas con diversidade funcional.

Terceira. Selección das persoas participantes

1. Os criterios que se aplicarán para seleccionar as persoas participantes son:

\*A relación existente entre as funcións ou tarefas que realiza o/a solicitante no seu posto de traballo e a materia ou contidos obxecto do curso.

\*A clase de persoal á que pertenza o/a solicitante, así como o seu grupo/categoría profesional; daráselle preferencia ao persoal fixo sobre o contratado.

\*A data de ingreso do/da traballador/a na Administración pública; no acceso ao curso, daráselle preferencia ao persoal cunha maior antigüidade.

2. Cando desde un mesmo departamento ou servizo se remitan varias solicitudes e sexa preciso realizar unha selección dos/das participantes, unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, os/as responsables do persoal de cada departamento ou servizo deberán de informar por escrito, cando así se lles requira, sobre a priorización da admisión dos/as solicitantes.

3. A lista de persoas seleccionadas será aprobada por resolución da Presidencia e exposta oficialmente na sede electrónica da Deputación de Ourense, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes; ao mesmo tempo, os/as peticionarios/as poderán obter información sobre a súa admisión chamando ao 988 317 580.

4. Desde a Deputación Provincial, poderá comunicárselles telefonicamente aos/ás seleccionados/as se foron admitidos/as, co fin de obter a confirmación sobre a súa participación na acción formativa. A renuncia dos/das participantes admitidos/as que non poidan efectuar o curso por diferentes motivos deberá formalizarse sempre por escrito.

5. Os/as solicitantes admitidos/as que non comuniquen oficialmente que non van asistir, como mínimo cun día de antelación ao inicio do curso, sen causa excepcional que o xustifique, ou que abandonen a actividade formativa sen xustificación, quedarán excluídos/as de participaren en calquera outra actividade de formación durante o prazo dun ano desde esa data.

Cuarta. Diplomas de aproveitamento

1. Outorgaráselle o diploma correspondente ao alumnado que participe con regularidade e bo aproveitamento no desenvolvemento do curso e que supere satisfactoriamente os diferentes módulos e as probas de avaliación do curso.

2. É obrigatorio realizar, nos prazos establecidos, todos os módulos e probas que integran o curso, así como participar nas sesións de formación telepresencial. O feito de non realizar algún módulo do curso, as probas de avaliación preceptivas ou de non

asistir a un 15% das sesións de formación telepresencial impedirá a obtención do diploma de aproveitamento correspondente.

#### Quinta. Modificacións

A Deputación de Ourense poderá variar, se fose preciso e a favor da eficacia da acción formativa, as características e mais os contidos do curso para adaptalos ás necesidades da Administración ou ás distintas contingencias que poidan xurdir. Buscará sempre as condicións óptimas para realizar a acción formativa.

#### Anexo I

Curso sobre o control das subvencións das entidades locais: xestión das xustificacións e problemáticas asociadas

##### 1. Persoas destinatarias

\*Persoal técnico e administrativo, en xeral, das entidades locais que realice no seu posto de traballo tarefas de xestión, control e seguimento de axudas, convenios e subvencións públicas.

\*Empregados/as públicos/as que presten servizos nas áreas xurídicas e económicas das corporacións locais, encargados/as da solicitude, tramitación xestión ou xustificación das subvencións.

##### 2. Desenvolvemento

2.1. Modalidade da acción formativa: teleformación en liña e telepresencial

2.2. Duración: 40 horas lectivas

2.3. Datas de realización: do 21 de abril ao 2 de xuño de 2022

2.4. Sesións de teleprensa: 21, 25 e 26 de abril e 3, 9, 10, 18, 24, 30 e 31 de maio do 2022; de 16.30 a 18.30 horas

2.5. Prazas: 20 participantes

2.6. Número de edicións: unha

##### 3. Obxectivos

\*Actualizar os coñecementos dos/as profesionais da Administración local en materia de subvencións públicas, para que sexan capaces de desenvolver o seu traballo de maneira óptima, sobre todo no actual contexto de pandemia, onde foron tan recorrentes estes instrumentos.

\*Comprender o marco xurídico da actividade subvencional, prestándolles especial atención ás subvencións financiadas con fondos europeos, os requisitos de concesión e as obrigas dos beneficiarios/as.

\*Estudar en profundidade os procedementos de concesión directa e de concorrencia competitiva das subvencións públicas e a problemática da xestión das xustificacións.

\*Comprender as causas materiais do reintegro das subvencións, así como a súa revogación e instruír os/as traballadores/as da Administración local no recoñecemento das diferentes infraccións e sancións en materia de subvencións públicas.

##### 4. Programa

4.1. O control das subvencións e o control dos beneficiarios nas subvencións

4.1.1. Obxecto e concepto da subvención

4.1.2. O control financeiro

4.1.3. O control dos beneficiarios

4.1.4. Réxime xurídico das subvencións

4.1.5. Réxime xurídico das subvencións financiadas con fondos europeos

4.1.6. Responsabilidade financeira

4.2. Disposicións comúns ás subvencións públicas

4.2.1. Principios xerais

4.2.2. Requisitos para a concesión

4.2.3. Beneficiarios

4.2.4. Obrigas dos beneficiarios

4.2.5. Convenios e contratos coas entidades colaboradoras

4.3. O procedemento da concesión das subvencións

4.3.1. O plan estratéxico

4.3.2. As bases reguladoras da concesión das subvencións

4.3.3. Concesión directa

4.3.4. Réxime de concorrencia competitiva

4.3.5. Xestión orzamentaria das subvencións

4.4. Infraccións e sancións

4.5. Procedemento de xustificación das subvencións públicas

4.6. Procedemento de reintegro

5. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes para participar nesta acción formativa será de dez días naturais antes do inicio da actividade.

Segundo. Ordenar a publicación no BOP e na sede electrónica da presente convocatoria, bases e anexos”.

Publícase isto e infórmaselles ás persoas interesadas que, contra o dito acto, poderán interpoñer un recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras que establece o artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os recursos.

Os prazos computaranse de data a data, a partir do día seguinte ao de recibir esta notificación e vencerán no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, o dito prazo entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non contará o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais, no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que considere procedente.

Ourense, 15 de marzo de 2022. O deputado delegado de Transparencia e Administración Provincial.

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

(Ver solicitude páx. 4)



## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS



<b>1.- TÍTULO DA ACCIÓN FORMATIVA</b>	<b>EDICIÓN</b>

<b>2.- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
Apelidos:	Nome:	NIF:	
Enderezo:	Localidade:		
Provincia:	CP:	Tfno.:	Móbil:

<b>3.- DATOS ADMINISTRATIVOS</b>			
Clase de persoal:		Grupo / Subgrupo:	Nivel:
<input type="checkbox"/> Funcionario/a <input type="checkbox"/> Laboral fixo/a <input type="checkbox"/> Laboral temporal <input type="checkbox"/> Funcionario/a interino/a <input type="checkbox"/> Laboral indefinido/a <input type="checkbox"/> _____		<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> A1 A2 B C1 C2 AP	_____
Posto de traballo:		Data de ingreso na Administración:	
		Día / Mes / Ano	
Entidade de pertenza:		Servizo:	
Enderezo do posto de traballo:		Localidade:	
Provincia:	Tfno.:	Fax:	E-mail:

<b>4.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE</b>
- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran na presente inscrición e solicito participar no curso ou actividade de referencia
_____ , _____ de _____ de _____
Sinatura

<b>5.- INFORME DO/A XEFE/A DO SERVIZO</b>
- Logo de ver a solicitude e o interese para o servizo, emítase o informe:
<input type="checkbox"/> Favorable      Sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada <input type="checkbox"/> Desfavorable
Lugar e data _____ , _____ de _____ de _____
Sinatura do órgano informante
Selo do servizo      Asdo.:

### # AVISO DE CONFIDENCIALIDADE #

O tratamento dos seus datos de carácter persoal está suxeito ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), e no resto da normativa de aplicación. Ao cubrir este formulario, vostede autoriza expresamente o uso dos seus datos persoais para a finalidade da xestión académica desta acción formativa, así como para as tarefas relacionadas coa posterior xustificación e difusión das actividades realizadas. Do mesmo xeito, manifesta tamén o seu consentimento para que poida figurar a súa imaxe persoal nas fotografías do grupo de asistentes ao curso, estritamente para a xustificación ou para a difusión da actividade formativa. E, finalmente, vostede acepta que os seus datos persoais poidan ser comunicados a outras entidades que teñan que intervir na xestión deste curso, así como a aquelas outras entidades que poidan requirir os datos do alumnado para a avaliación e a xustificación das actividades. En calquera momento, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición que regula a LOPD, dirixindo a súa petición sempre por escrito á Sección de Formación, Calidade e Avaliación do Desempeño da Deputación Provincial de Ourense.

Deputación Provincial de Ourense • Sección de Formación • Rúa Progreso, 30, 2º, 32003 Ourense  
Teléfonos: 988 317 580 - 988 317 583 // Fax: 988 317 582 // E-mail: formacion@depourense.es

## Diputación Provincial de Ourense

Sección de Formación, Calidad y Evaluación

Anuncio de la convocatoria una edición del Curso sobre el Control de las Subvenciones de las Entidades Locales: Gestión de las Justificaciones y Problemáticas Asociadas (CF-04-2022)

Se publica que, por resolución de Presidencia de 15/03/2022 y núm. 2022/2777, se acordó lo siguiente:

“La Diputación Provincial de Ourense diseña anualmente su Programa de formación continua de carácter agrupado, destinado a realizar diversas acciones formativas dirigidas al personal de la Administración local de la provincia.

En el plan correspondiente al año 2022 se prevé, entre otras acciones, llevar a cabo una edición del Curso sobre el Control de las Subvenciones de las Entidades Locales: Gestión de las Justificaciones y Problemáticas Asociadas. La competencia para convocar dicha acción corresponde a la Presidencia, de conformidad con el artículo 34.1 de la Ley de Bases de Régimen Local, y su ejercicio se encuentra delegado en el diputado delegado de Administración Provincial, por Resolución de 11 de julio de 2019 (BOP de 18 de julio de 2019).

Por lo expuesto, dispongo:

Primero. Aprobar las bases generales de la acción formativa que se relaciona a continuación, según la propuesta formulada por la Sección de Formación de la Diputación de Ourense que figura en el expediente, y convocar el siguiente curso de formación continua:

Curso sobre el Control de las Subvenciones de las Entidades Locales: Gestión de las Justificaciones y Problemáticas Asociadas.

Bases generales

Primera. Solicitudes de participación

1. El personal que desee participar en este curso de formación presentará cubierta, en todos los epígrafes que le corresponda, la solicitud según el modelo oficial de solicitud de inscripción publicado en el anexo II.

2. Todas las solicitudes deberán contar con el informe correspondiente, sobre la asistencia al curso, del/a jefe/a del servicio o departamento al que pertenezca el/la solicitante, para los efectos, entre otros, de confirmar su condición de trabajador/a público/a local, e ir acompañadas de la documentación complementaria que se establece en la convocatoria.

3. La falsedad u ocultación de datos esenciales para seleccionar a las personas aspirantes dará lugar a la exclusión automática del curso solicitado y a la imposibilidad de participar en ninguna otra actividad convocada por la Diputación de Ourense durante el plazo de un año, a partir de la fecha de la infracción.

4. Las solicitudes de participación deberán remitirse a la Sección de Formación de la Diputación Provincial, mediante su presentación electrónica en el Registro General de documentos de la Diputación de Ourense, disponible en la sede electrónica de la Diputación ([sede.depourense.es](http://sede.depourense.es)), o en cualquiera de los lugares que establece el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.

5. No se admitirán las solicitudes de inscripción que no tengan cubiertos todos sus epígrafes de manera correcta y legible, o bien que no cuenten con las firmas y con el sello requeridos.

6. La presentación de una solicitud supone la aceptación expresa de las bases generales y de las normas específicas de participación y asistencia que rigen y regulan las diferentes actividades formativas de la Diputación de Ourense.

Segunda. Acceso a las actividades

1. Podrá participar en esta actividad el personal de la Administración local en activo al que va dirigido el curso como destinatario/a de la acción formativa, y que cumpla los requisitos específicos exigidos en la convocatoria.

2. Se les dará preferencia para acceder al curso a los/as trabajadores/as de las entidades locales adheridas al Programa de formación continua de la Diputación de Ourense del año 2022. Asimismo, de manera complementaria, podrá acceder al curso, en las plazas vacantes, el personal al servicio de la Administración estatal y autonómica.

3. En el acceso a las actividades formativas y en cumplimiento de lo que disponen los artículos 48 de la LEPL y 59 del TRLE-BEP, se reservarán el 7% de las plazas para personas con diversidad funcional.

Tercera. Selección de las personas participantes

1. Los criterios que se aplicarán para seleccionar a las personas participantes son:

\*La relación existente entre las funciones o tareas que realiza el/la solicitante en su puesto de trabajo y la materia o contenidos objeto del curso.

\*La clase de personal a la que pertenezca el/la solicitante, así como su grupo/categoría profesional; se le dará preferencia al personal fijo sobre el contratado.

\*La fecha de ingreso del/de la trabajador/a en la Administración pública; en el acceso al curso, se le dará preferencia al personal con mayor antigüedad.

2. Cuando desde un mismo departamento o servicio se remitan varias solicitudes y sea preciso realizar una selección de los/as participantes, una vez finalizado el plazo de presentación de solicitudes, los/as responsables del personal de cada departamento o servicio deberán de informar por escrito, cuando así se les requiera, sobre la priorización de la admisión de los/as solicitantes.

3. La lista de personas seleccionadas será aprobada por Resolución de la Presidencia y expuesta oficialmente en la sede electrónica de la Diputación de Ourense, una vez finalizado el plazo de presentación de solicitudes; al mismo tiempo, los/as peticionarios/as podrán obtener información sobre su admisión llamando al 988 317 580.

4. Desde la Diputación Provincial, podrá comunicárseles telefónicamente a los/as seleccionados/as si han sido admitidos/as, con el fin de obtener la confirmación sobre su participación en la acción formativa. La renuncia de los/as participantes admitidos/as que no puedan efectuar el curso por diferentes motivos deberá formalizarse siempre por escrito.

5. Los/as solicitantes admitidos/as que no comuniquen oficialmente que no van a asistir, como mínimo con un día de antelación al inicio del curso, sin causa excepcional que lo justifique, o que abandonen la actividad formativa sin justificación, quedarán excluidos/as de participar en cualquier otra actividad de formación durante el plazo de un año desde esa fecha.

Cuarta. Diplomas de aprovechamiento

1. Se le otorgará el diploma de aprovechamiento correspondiente al alumnado que participe con regularidad y buen aprovechamiento en el desarrollo del curso y que supere satisfactoriamente los diferentes módulos y pruebas de evaluación del curso.

2. Es obligatorio realizar, en los plazos establecidos, todos los módulos y pruebas que integran el curso, así como participar en las sesiones de formación telepresencial. El hecho de no realizar algún módulo del curso, las pruebas de evaluación pre-



ceptivas o de no asistir a un 15% de las sesiones de formación telepresencial impedirá la obtención del diploma de aprovechamiento correspondiente.

#### Quinta. Modificaciones

La Diputación de Ourense podrá variar, si fuera preciso y a favor de la eficacia de la acción formativa, las características y los contenidos del curso para adaptarlos a las necesidades de la Administración o a las distintas contingencias que puedan surgir. Buscará siempre las condiciones óptimas para realizar la acción formativa.

#### Anexo I

Curso sobre el Control de las Subvenciones de las Entidades Locales: Gestión de las Justificaciones y Problemáticas Asociadas

##### 1. Personas destinatarias

\*Personal técnico y administrativo, en general, de las entidades locales que realice en su puesto de trabajo tareas de gestión, control y seguimiento de ayudas, convenios y subvenciones públicas.

\*Empleados/as públicos/as, que presten servicios en las áreas jurídicas y económicas de las corporaciones locales, encargados/as de la solicitud, tramitación gestión o justificación de las subvenciones.

##### 2. Desarrollo

2.1. Modalidad de la acción formativa: teleformación en línea y telepresencial

2.2. Duración: 40 horas lectivas

2.3. Fechas de realización: del 21 de abril al 2 de junio de 2022

2.4. Sesiones de telepresencia: 21, 25 y 26 de abril y 3, 9, 10, 18, 24, 30 y 31 de mayo de 2022, de 16.30 a 18.30 horas

2.5. Plazas: 20 participantes

2.6. Número de ediciones: una

##### 3. Objetivos

\*Actualizar los conocimientos de los/as profesionales de la Administración local en materia de subvenciones públicas, para que sean capaces de desarrollar su trabajo de manera óptima, sobre todo en el actual contexto de pandemia donde fueron tan recurrentes estos instrumentos.

\*Comprender el marco jurídico de la actividad subvencional, prestando especial atención a las subvenciones financiadas con fondos europeos, los requisitos de concesión y los deberes de los beneficiarios/as.

\*Estudiar en profundidad los procedimientos de concesión directa y de concurrencia competitiva de las subvenciones públicas y la problemática de la gestión de las justificaciones.

\*Comprender las causas materiales del reintegro de las subvenciones, así como su revocación e instruir a los/as trabajadores/as de la Administración local en el reconocimiento de las diferentes infracciones y sanciones en materia de subvenciones públicas.

##### 4. Programa

4.1. El control de las subvenciones y el control de los beneficiarios en las subvenciones

4.1.1. Objeto y concepto de la subvención

4.1.2. El control financiero

4.1.3. El control de los beneficiarios

4.1.4. Régimen jurídico de las subvenciones

4.1.5. Régimen jurídico de las subvenciones financiadas con fondos europeos

4.1.6. Responsabilidad financiera

4.2. Disposiciones comunes a las subvenciones públicas

4.2.1. Principios generales

4.2.2. Requisitos para la concesión

4.2.3. Beneficiarios

4.2.4. Deberes de los beneficiarios

4.2.5. Convenios y contratos con las entidades colaboradoras

4.3. El procedimiento de la concesión de las subvenciones

4.3.1. El plan estratégico

4.3.2. Las bases reguladoras de las concesiones de las subvenciones

4.3.3. Concesión directa

4.3.4. Régimen de concurrencia competitiva

4.3.5. Gestión presupuestaria de las subvenciones

4.4. Infracciones y sanciones

4.5. Procedimiento de justificación de las subvenciones públicas

4.6. Procedimiento de reintegro

5. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de las solicitudes para participar en esta acción formativa será de diez días naturales antes del inicio de la actividad.

Segundo. Ordenar la publicación en el BOP y en la sede electrónica de la presente convocatoria, bases y anexos".

Todo ello se publica y se informa a los/as interesados/as que, contra dicho acto, podrán interponer un recurso de reposición, previo al contencioso-administrativo, ante el mismo órgano que lo dictó, en el plazo de un mes, o, alternativamente y de forma directa, un recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense (u otro que resultara territorialmente competente en aplicación de las reglas que establece el artículo 14 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa), en el plazo de dos meses. En ningún caso podrán simultanearse ambos recursos.

Los plazos se computarán de fecha a fecha, a partir del día siguiente al de recibir esta notificación y vencerán en el día equivalente del mes natural siguiente o, de no existir éste, en el último día de dicho mes. En caso de que el día de vencimiento sea inhábil, dicho plazo se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente.

Durante el mes de agosto no se contará el plazo para interponer el recurso contencioso-administrativo, salvo para el procedimiento para la protección de los derechos fundamentales, en el que el mes de agosto tendrá carácter de hábil.

En todo caso, podrá interponer cualquier otro recurso o acción administrativa o judicial que considere procedente.

Ourense, 15 de marzo de 2022. El diputado delegado de Transparencia y Administración Provincial.

Fdo.: Plácido Álvarez Dobaño.

(Ver solicitud pág. 7)



## SOLICITUD DE INSCRIPCIÓN EN LAS ACCIONES FORMATIVAS



<b>1.- TÍTULO DE LA ACCIÓN FORMATIVA</b>	<b>EDICIÓN</b>

<b>2.- DATOS PERSONALES DEL SOLICITANTE</b>			
Apellidos:	Nombre:	NIF:	
Dirección:	Localidad:		
Provincia:	CP:	Tfno.:	Móvil:

<b>3.- DATOS ADMINISTRATIVOS</b>			
Clase de personal:	Grupo / Subgrupo:	Nivel:	
<input type="checkbox"/> Funcionario/a <input type="checkbox"/> Laboral fijo/a <input type="checkbox"/> Laboral temporal <input type="checkbox"/> Funcionario/a interino/a <input type="checkbox"/> Laboral indefinido/a <input type="checkbox"/> _____	<input type="checkbox"/> A1 <input type="checkbox"/> A2 <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C1 <input type="checkbox"/> C2 <input type="checkbox"/> AP	_____	
Puesto de trabajo:	Fecha de ingreso en la Administración:		
	Día / Mes / Año		
Entidad de pertenencia:	Servicio:		
Dirección del puesto de trabajo:	Localidad:		
Provincia:	Tfno.:	Fax:	E-mail:

<b>4.- DECLARACIÓN-SOLICITUD</b>
- Declaro, bajo mi responsabilidad, que conozco las bases de la convocatoria y que son ciertos los datos que figuran en la presente inscripción y solicito participar en el curso o actividad de referencia
....., ..... de ..... de .....
Firma

<b>5.- INFORME DEL/DE LA JEFE/A DEL SERVICIO</b>
- Una vez vista la solicitud y el interés para el servicio, se emite el informe:
<input type="checkbox"/> Favorable      Sobre la asistencia al curso o actividad solicitada <input type="checkbox"/> Desfavorable
Firma del órgano informante
Lugar y fecha ..... de ..... de .....
Sello del servicio      Fdo.:

### # AVISO DE CONFIDENCIALIDAD #

El tratamiento de sus datos de carácter personal está sujeto a lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD), y en el resto de la normativa de aplicación. Al cumplimentar este formulario usted autoriza expresamente al uso de sus datos personales para la finalidad de la gestión académica de esta acción formativa, así como para las tareas relacionadas con la posterior justificación y difusión de las actividades realizadas. Del mismo modo manifiesta también su consentimiento para que pueda figurar su imagen personal en las fotografías del grupo de asistentes al curso, estrictamente para la justificación o para la difusión de la actividad formativa. Y finalmente, usted acepta que sus datos personales puedan ser comunicados a otras entidades que tengan que intervenir en la gestión de este curso, así como a aquellas otras entidades que puedan requerir los datos del alumnado para la evaluación y la justificación de las actividades. En cualquier momento usted podrá ejercer sus derechos de acceso, rectificación, cancelación u oposición previstos por la LOPD, dirigiendo su petición siempre por escrito a la Sección de Formación, Calidad y Evaluación del Desempeño de la Diputación Provincial de Ourense .

Diputación Provincial de Ourense • Sección de Formación • Calle Progreso, 30, 2º, 32003 Ourense  
Teléfonos: 988 317 580 - 988 317 583 // Fax: 988 317 582 // E-mail: formacion@depourense.es



## Deputación Provincial de Ourense

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación

En exercicio das facultades delegadas polos concellos que se relacionan e asumidas por esta corporación provincial para a xestión tributaria e recadatoria, publícase e infórmase os/as contribuíntes e demais interesados/as do seguinte:

1. Cobranza de tributos en período voluntario: de conformidade co que dispón o artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, anúnciase a cobranza, en período voluntario, co seguinte detalle:

a) Tributo ao cobro:

- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2022: Baltar, Beariz, Os Blancos, Boborás, Bola A, O Bolo, Carballada de Valdeorras, Castro Caldeas, Chandrexa de Queixa, Entrimo, Esgos, A Gudiña, Irixe, Xunqueira de Ambía, Larouco, Lobeira, Lobios, Montederramo, Muíños, Nogueira de Ramuín, Padrenda, A Peroxa, Piñor, Pobra de Trives, Porqueira, Punxín, Rairiz de Veiga, Rubiá, San Xoán de Río, San Amaro, Sandiás, Taboadela, Teixeira A, Toén, Trasmiras, Veiga A, Viana do Bolo, Vilamarín e Vilamartín de Valdeorras.

- Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos: A Mezquita, ano 2022

- Taxa pola subministración de auga, e canon da auga: Gudiña A, 2.º trimestre de 2020.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, e conservación de contadores: Vilamarín, 3.º trimestre de 2021.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, conservación de contadores, e saneamento: Ramirás, 4.º trimestre de 2021.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, sumidoiros e depuración: Pobra de Trives, A, 1.º semestre de 2021.

- Taxa pola subministración de auga, canon da auga, e sumidoiros: Entrimo, 4.º trimestre de 2021.

b) Prazo de pagamento en voluntaria: a cobranza en período voluntario de tributos terá lugar do 1 de abril de 2022 ao 31 de maio de 2022.

c) Lugar e forma de pagamento: os/as contribuíntes recibirán no seu domicilio os impresos dos recibos-resguardo de pagamento, que deberán aboar en calquera oficina de Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, BBVA, Banco Santander, Banco Sabadell/Gallego, Caixabank (entidades colaboradoras) ou en calquera oficina da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, no prazo antes mencionado, do 1 de abril de 2022 ao 31 de maio de 2022, en días hábiles, no horario establecido polas entidades ou pola Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos. Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio os referidos impresos, poderá solicitar un duplicado nas oficinas de Recadación desta deputación. Advírtese que o feito de non recibir os impresos non o exime da obriga pagalos no prazo mencionado, sempre que figure como contribuínte nas listas cobratorias. Para a validez do pagamento, os impresos deben estar referendados por impresión mecánica ou sinatura autorizada da oficina da entidade bancaria correspondente.

2. Padróns e listas cobratorias

Por Decreto desta presidencia desta data, aprobáronse os padróns e as listas cobratorias dos tributos mencionados, que comprende os suxeitos pasivos, o feito imponible e a débeda tributaria. Os ditos documentos quedarán expostos ao público nos respectivos concellos e nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta deputación, durante o prazo de 1 mes a partir de que se publique este anuncio no BOP, para o exame e alegacións ou reclamacións que se consideren pertinentes. Este anuncio servirá de notificación colectiva dos referidos tributos de cobro periódico por recibo, conforme ao artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

3. Recursos

Ademais das alegacións ou reclamacións antes mencionadas, contra os datos das listas cobratorias e liquidación tributaria dos referidos tributos, os/as interesados/as poderán formular un recurso de reposición ante esta presidencia, no prazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de conformidade co que dispón o artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, tras a comunicación previa á que se refire o artigo 110.3 da Lei 30/1992, e non se poderán utilizar simultaneamente os dous tipos de recurso, e a súa presentación non suspenderá a tramitación e os actos recadatorios, agás que o acorde o órgano competente con suxeición ao procedemento establecido.

Con respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto dunha reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Xunta de Galicia no prazo de 1 mes desde que se publique este anuncio, de conformidade co que establece o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

4. Procedemento de constrinximento

Advírtese que os recibos non aboados no prazo de pagamento en voluntaria incorrerán na recarga de constrinximento do 20%, 10% ou o 5% segundo proceda, xuros de mora e custas do procedemento, de ser o caso. Cobraranse por vía executiva, conforme aos artigos 28 e seguintes da Lei xeral tributaria e concordantes do Regulamento xeral de recadación.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a súa esixencia directamente ao/á contribuínte pola vía de constrinximento, pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co que establece o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

5. Información ao contribuínte

Os/as interesados/as poden solicitar a información que necesiten dos concellos respectivos nas oficinas do Servizo Municipal de Recadación desta deputación, situada na rúa Cruz Vermella de Ourense, en días hábiles e horario de oficina, ou chamando ao 988 317 720.

Ourense, 23 de marzo de 2022. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

## Diputación Provincial de Ourense

Servicio de Gestión Tributaria y Recaudación

En exercicio de las facultades delegadas por los ayuntamientos que se relacionan y asumidas por esta corporación provincial para la gestión tributaria y recaudatoria, se publica y se informa a los/as contribuyentes y demás interesados/as de lo siguiente:

1. Cobro de tributos en período voluntario: de conformidad con lo que dispone el artículo 24 del Reglamento General de Recaudación, se anuncia el cobro en período voluntario, con el siguiente detalle:

a) Tributo al cobro:

- Impuesto sobre vehículos de tracción mecánica 2022: Baltar, Beariz, Os Blancos, Boborás, Bola A, O Bolo, Carballada de Valdeorras, Castro Caldeas, Chandrexa de Queixa, Entrimo,





